

Sinsal Outono celebrará o 16 e 17 de setembro a súa nova edición, que terá lugar no MARCO e na que participarán El Hijo, Luís Fernandes, Otro e Dullmea

O ciclo de concertos vinculados á experimentación sonora, á vangarda e á creación contemporánea nas súas múltiples expresións, cuxas entradas están á venda desde hoxe na plataforma www.enterticket.es, conta co apoio do Concello de Vigo



Vigo, 5 de setembro de 2022.- Os días 16 e 17 de setembro Vigo ten unha cita coa música e artes visuais de vangarda: regresa **Sinsal Outono**, o ciclo de concertos intrinsecamente vinculados á experimentación sonora, á vangarda e á creación contemporánea nas súas múltiples expresións.

Sinsal Outono, proxecto cultural que impulsa a promotora local Sinsalaudio, conta un ano máis coa colaboración **principal do Concello de Vigo**, coa intención de visualizar propostas singulares e únicas, de difícil clasificación e, por tanto, pouco habituais na programación dirixida ao público xeral. Neste 2022 desenvolverase nun dos espazos de referencia do universo da investigación, creación, innovación e produción contemporánea no ámbito local, comarcal e galego, e que acompañou o desenvolvemento e proxección da propia Sinsalaudio ao longo destas dúas últimas décadas: o **Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO)**.

Sinsal Outono 2022 ofrecerá dúas noites ateigadas de experimentación e de visualización de propostas musicais contemporáneas con bandas e artistas chegadas de distintos puntos Madrid, Valencia e Portugal, grazas tamén á colaboración do Instituto Camoes. **Dullmea, El Hijo, Luís Fernandes e Otro** conformarán o cartel desta nova edición do ciclo, cuxas entradas están á venda, desde hoxe mesmo, na plataforma [Enterticket](#) e tamén desde a páxina web <https://festival.sins.al/gl>. O prezo da entrada anticipada é de 10 euros, e os menores de 9 anos accederán gratuítamente.

ARTISTAS SINSAL OUTONO 2022

EL HIJO | 16 DE SETEMBRO

Proxecto musical do compositor e produtor Abel Hernández (Migala, Emak Bakia). Desde o ano 2005 publica os seus primeiros traballos, producidos por Raül Refree, nos que se aproxima á canción de autor, con sonoridades acústicas e poesía de ton surreal. Nos primeiros anos da seguinte década achégase inicialmente cara ao rock, mais vira o seu rumbo para investigar sobre as posibilidades da composición e produción propias da electrónica contemporánea, que dan pé ao seu son actual. Ben sexa a través do uso do autotune ou de recursos sonoros imposibles, El Hijo desafía os límites da produción dixital no panorama estatal.

Luís Fernandes | 16 DE SETEMBRO

A actividade artística de Luís Fernandes está marcada pola multiplicidade de enfoques e formatos, divididos en proxectos colectivos, colaboracións puntuais e traballos individuais; pola actividade performativa, compositiva e expositiva; e polo establecemento de relacións con diferentes disciplinas. Fundador da banda peixe:aviao e membro do colectivo La La La Ressonance, ten colaborado con artistas como Lloyd Cole, Rodrigo Leao ou Black Bombain. No seu novo disco, 'A guide to gettin lost', explora as posibilidades da electrónica como punto de partida para múltiples composicións.

OTRO | 17 DE SETEMBRO

Músico e produtor afincado en Valencia e autor dun dos discos máis brillantes de 2021: Portuaria. O seu proxecto musical abrangue un importante abano de estilos e sons, na procura do diálogo entre a experimentación e a convención, converténdoo nunha das figuras a ter en conta na escena emerxente da música electrónica. As súas incursións no rap e no pop, así como o deseño de son comercial, abren espazos para xerar unha tensión espontaneamente desenfreada que se converte no sinal de identidade de Otro.

DULLMEA | 17 DE SETEMBRO

Desde Portugal chega unha artista especializada en explorar as múltiples posibilidades que se abren para a voz a través da música electrónica. Graduada como violinista pola Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo, Sofía Fernandes conta con tres discos publicados desde 2016 cos que ten xirado por países como Holanda, Alemania, Dinamarca ou Reino Unido. Nos seus directos propón unha suxerente inmersión no seu universo sonoro, minimalista e experimental, nos que improvisa sobre temas compostos por ela mesma. No Sinsal Outono presenta 'Orduak', o seu último traballo.

CONTACTO DE PRENSA

Lucía Pita | 675 404 321 | prensa@sinsalaudio.org